

Amelia Gamero Vidal, Secretaria da Mesa de contratación para o aluguer de once locais comerciais do Consorcio Casco Vello de Vigo,

CERTIFICO:

Que a Mesa de Contratación constituída para a adxudicación en réxime de aluguer de once locais comerciais, na súa reunión celebrada o día 24 de outubro de 2001, adoptou por unanimidade dos seus membros o acordo que de seguido se reflicte:

3º.- PROPOSTA AO ORGANO DE CONTRATACION:

A Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propón ao organo de contratación, Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo, a adopción dos seguintes acordos:

A).- Declarar admitidas trala apertura dos sobres nº A, e a aportación de documentación requirida, no seu caso, a todos os licitadores presentados, a excepción de Café y Copa Hostelería S.I. e a María Crespo Nañez, ambos por non presentar a documentación requirida, quedando en consecuencia a lista de admitidos tal como se reflicte:

Local 1, Abeleira 13-15 D: CARINA PUMAR CASTRO, JAVIER TENIENTE LAGO, INMACULADA GARCIA CASTRO, MONTSERRAT FREIRE FERNÁNDEZ.

Local 2, Abeleira Menéndez 13-15 I E: FUNDACIÓN IGUALARTE, CARINA PUMAR CASTRO, FERNANDO JAVIER TENIENTE LAGO, TORRADO FERNÁNDEZ ARQUITECTO SLP, SERGIO A. FIGUEROA SESTELO, RAMÓN VIEITEZ / ALBERTO CEBRAL, URBANISMO Y GESTIÓN S.C. GALEGA, DEMOSTRA S.L. RAQUEL LOPEZ ESTEVEZ.

Local 3, Abeleira 13-15 II D: LORENA GUTIERREZ COSTAS, PERFECTO FERNÁNDEZ RUEDA, RAMÓN VIEITEZ ALBERTO CEBRAL, ROSA ZUNZONEGUI FERNANDEZ, YOLANDA ROMERO ALEGRET.

Local, 4, Santiago 19,: LORENA GUTIERREZ COSTAS, PERFECTO FERNANDEZ RUEDA.

Local 5, Santiago 15 I-E: BRUNO RODRIGUEZ TORRES, INNOPACK SYSTEMS S.L., CENDON VAZQUEZ ARQUITECTOS.

Local, 6, Santiago, 15 II D: CARINA PUMAR CASTRO, TORRADO FERNANDEZ ARQUETECTO SLP, LORENAGUTIERREZ COSTAS, PERFECTO FERNANDEZRUEDA, RAMONVIEITEZ/ALBERTO CEBRAL.

Local 7, Real, 25: AVOGACIA.

Local 8, Abeleira Menéndez 18: VACANTE.

Local 9, Abeleira menéndez 26E. VACANTE.

Local 10, Cruz Verde 5 A esq.: PERFECTO FERNANDEZ RUEDA, RAMON VIEITEZ/ALBERTO CEBRAL, CAROLINA DIAZ DEL RIO TAPIAS, RAQUEL LOPEZ ESTEVEZ, CENDON VAZQUEZ ARQUITECTOS.

LOCAL 11, Cruz Verde, 5B der.: RAMON VIEITEZ/ALBERTO CEBRAL.

B).- Visto o informe emitido pola Directora do servizos técnicos do Consorcio de data 24-10-11 que se xunta á presente acta formando parte da mesma a modo de anexo, no que se reflicten os puntos acadados por cada licitador e por cada local comercial, e tendo en conta os acordos adoptados polo Consello de administración de data 8-7-11 no seu apartado B os locais disponibles adxudicaranse por concorrencia competitiva entre as solicitudes presentadas que obteñan unha puntuación mínima de dous punto no criterio 1.a) "estudio de viabilidade") a mesa de contratación considera, unha vez analizado o conxunto das ofertas presentadas, que as ofertas que obtiveron unha maior puntuación sumando todos criterios puntuables foron as que se reflicten no a continuación para cada local ofertado, acordando propoñer os contratos de arrendamento ós seguintes licitadores:

LOCAL 1.- MONTSERRAT FREIRE FERNANDEZ ("A TENDA DA AVOA")

LOCAL 2.- JAVIER TENIENTE (GALERÍA FOTOGRÁFICA)

LOCAL 3.- YOLANDA ALEGRET (A HORTA NO PRATO)

LOCAL 4.- PERFECTO FERNÁNDEZ RUEDA (ESTUDIO DE FOTOGRAFÍA)

LOCAL 5.- INNOPACK SYSTEMS S.L. (CONSULTORÍA)

LOCAL 6.- TORRADO FERNÁNDEZ ARQUITECTO

LOCAL 7.- Non se adxudica por non acadar o estudio de viabilidade a puntuación mínima.

LOCAL 8.- Non se adxudica por non ter o licitador aportado a documentación requirida e non reunión o requisitos esixidos.

LOCAL 9.- Non se adxudica por non ter o licitador aportado a documentación requirida e non reunión o requisitos esixidos.

LOCAL 10.- CENDÓN VAZQUEZ ARQUITECTOS S.L.

LOCAL 11.- Non se adxudica por non acadar o estudio de viabilidade a puntuación mínima.

Todo isto de acordo coas ofertas presentadas e o prego de Cláusulas Administrativas aprobados polo Comité Executivo do Consorcio Casco Vello de Vigo.

Nas proposta de cada un dos locais terase en conta o desconto na renda do 50% aplicable nos dous primeiros anos.

En canto o local seis (santiago 15 II-D) o licitador que acada máis puntuación é Perfecto Fernández Rueda, non resulta adxudicatario xa que de acordo coa suá orde de preferencia adxudicaselle o local 4, polo que resulta adxudicatario deste local seis Torrado Fernández Arquitecto SL.

En consecuencia co exposto, a Presidenta do Consorcio procederá, por delegación do Consello de Administración, a requirir ao licitadores seleccionados, para que dentro do prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte a aquél en que recibira o requirimento, presente a documentación á que se refire a cláusula 9 do prego de cláusulas Administrativas Particulares. No referido requirimento advirtiráselle que de non

Cumprido
lic.

cumplimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde na que estean clasificadas as ofertas.

Unha vez se certifique pola secretaria do Consorcio a presentación da documentación solicitada, formalizarase o contrato previa fiscalización.

A resolución de adxudicación será publicada no perfil de contratante, así como notificada directamente aos licitadores.

Con base no disposto na normativa de aplicación propónse iniciar as xestións necesaria para adxudicar os locais 7, 8, 9 e 11 nas mesma condicións que figuran no prego de cláusulas dando preferencia aquelas persoas que formularon oferta no presente procedemento.

E para que así conste, emite o presente en Vigo a día 24 de outubro de 2011.